

CONCURSO PÚBLICO PARA A ADXUDICACIÓN, EN COMPRAVENDA OU DEREITO DE SUPERFICIE, DE LOTES DE PARCELAS DE SOLO RESIDENCIAL PROPIEDAD DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO NO POLÍGONO 1 DE SAN PAIO DE NAVIA (VIGO), CON DESTINO Á CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA.

EXP: SR25-P-VIGONAV-1-ECV

ACTA DE APERTURA DOCUMENTACIÓN SOBRE B

ORDE DO DÍA:

1. Constitución da Mesa pública.
2. Admisión/exclusión das ofertas presentadas por: BEGOÑA ALONSO ALONSO, ALFONSO CRESPO MONTENEGRO e EDUARDOCHAONAVIA5 SOC. COOP. GALEGA; segundo os requirimentos de emenda que se acordaron en anterior Acta do 08.07.2025
3. Apertura do Sobre B
4. Acordos da Mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	09.09.2025	Hora:	9.30 horas
Lugar:	IGVS-Polígono de Fontiñas, Área Central S/N, 15702 - Santiago de Compostela		

No lugar, día e hora sinalados, constitúese a Mesa de Contratación para proceder á apertura da documentación do Sobre B correspondente ao expediente no encabezamento reflectido, coa participación dos seguintes membros:

PRESIDENCIA:	Alberto Eiras Martínez	Xefe da Unidade Xurídico-Administrativa do IGVS.
VOGAIS:	Roberto Barcia Casanova	Letrado. Asesor Xurídico do IGVS
	Mª Sagrario Roel Alonso	Xefa de Servizo-Representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
	Alberto Feijoo Rodríguez	Xefe da Oficina Técnica de Solo do IGVS.
SECRETARÍA:	Luis Montero Senra	Xefe do Servizo de Contratación do IGVS.

Asisten de xeito presencial todos os membros.

2. ADMISIÓN/EXCLUSIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS POR: BEGOÑA ALONSO ALONSO, ALFONSO CRESPO MONTENEGRO E EDUARDOCHAONAVIA5 SOC. COOP. GALEGA; SEGUNDO OS REQUIRIMENTOS DE EMENDA QUE SE ACORDARON EN ANTERIOR ACTA DO 08.07.2025

O Presidente da Mesa dá conta dos requirimentos de emenda que se acordaron o 08.07.2025, e das contestacións/alegacións presentadas:

- María Purificación Alonso Alonso, presentou por rexistro o 04.08.2025 un escrito de renuncia ao dereito de adquisición preferente do seu 50% en favor da cotitular Begoña Alonso Alonso.





- Alfonso Crespo Montenegro, prentou por rexistro o 22.07.2025 un escrito no que solicita o cambio ao réxime especial do dereito número 2 da súa oferta.
- EDUARDOCHAONAVIA5 SOC. COOP. GALEGA, presentou por rexistro o 27.07.2025 xustificante das garantías aos Lotes 3 e 4. Segundo esta documentación constan dúas transferencias con data valor 06.07.2025 dende ABANCA á Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe de 6.000,00 € cada unha. Achega unhas alegacións 27.07.2025 asinadas pola presidenta desta Cooperativa dirixido a esta Mesa no que expón: *O 11 de Maio de 2.021 constitúese a cooperativa de vivenda Eduardo chao Navia 5., impulsada pola federación de veciños de Vigo(FAVEC) que no ano 2008 impulsou 192 vivendas en Navia, esta cooperativa non cobra cotas mensuais os cooperativistas, houbo un erro no pago das garantías, un banco nos facilitou unha conta do Tesouro Público, que ata mediamos de mes de Xullo, non se comunicou con nós A ATRIGA, que nos explicou o procedemento, aínda que se fixo a transferencia eles tiñan que expedir o documento que agora adxuntamos. dos lotes 3 e 4., xa que o lote 5 non deu tempo, na mesma data de constitución dos 3 e 4.*

A Mesa acorda por unanimidade:

A) Admitir as ofertas presentadas por:

- Begoña Alonso Alonso (dereito de adquisición preferente do seu 100% por renuncia de María Purificación) e
- Alfonso Crespo Montenegro (En réxime especial do dereito número 2 da súa oferta).

B) Excluir ás ofertas presentadas por EDUARDOCHAONAVIA5 SOC. COOP. GALEGA, porque incumpre o disposto nos requisitos de participación (punto 5.2 das bases) en canto que se requería a constitución da garantía do 5% do prezo no prazo de presetación das ofertas (30.06.2025 ás 14.00 horas). Este licitador xustifica con data valor 06.07.2025 dende ABANCA dúas transferencias á Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe de 6.000,00 € cada unha. O Prego deste concurso reflicte expresamente "**Sobre A: Documentación administrativa** O sobre A deberá presentarse pechado e asinado polo interesado ou, no seu caso, polo seu representante. No seu anverso deberá constar o seguinte texto:

"SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA"

Para as persoas que pretendan participar no concurso este sobre deberá conter a seguinte documentación:

6.- Documento acreditativo de ter constituído a correspondente garantía para participar no concurso. Para o caso de que a oferta se refira a varias lotes, deberán achegarse tantos documentos acreditativos como ofertas se realicen."

A continuación o Presidente da Mesa pon en coñecemento as ofertas presentadas e admitidas, correctamente presentadas dentro do prazo establecido aos efectos da apertura do sobre B presentado:

Nº	Licitador
1	M. ROSA LÓPEZ QUIROS
2	BEGOÑA ALONSO ALONSO
3	M. JOSEFINA LEMOS ALONSO
4	ALONSO CRESPO MONTENEGRO
5	COOP. GALEGA NAVIABI
6	ARCO DA VELLA SOC. COOPERATIVA GALEGA
7	FOGAR DO ATLÁNTICO SOC. COOP. GALEGA DE VIV.





8	OLIVEIRA DOS CEN ANOS SOC. COOP. GALEGA DE VIV.
9	RESIDENCIAL PROGRESO VIGO SOC. COOP.GALEGA
10	ALBOREXAR SOC. COOP. GALEGA DE VIV.
11	XESTIÓN DE AUTOPROMOCIÓN, SL
12	VICUS NAVIA ALGUER SCG

3. APERTURA DO SOBRE B

Abertos todos os sobres, a Mesa acorda por unanimidade remitir a documentación presentada en formato USB aos servizos técnicos do IGVS para a emisión dun informe, de conformidade cos criterios de preferencia e valoración dos epígrafes 8.1. e 8.2. respectivamente do prego.

Segundo o disposto nos Pregos no suposto de que concorra máis dunha mesma oferta, en compravenda ou dereito de superficie, en relación a un mesmo lote e para un mesmo réxime e modalidade dos indicados no cadro dos criterios de preferencia previsto no epígrafe 8.1 dos Pregos, os servizos técnicos do IGVS establecerán unha prelación das proposicións presentadas, de conformidade cos criterios de valoración fixados no epígrafe 8.2.

4. ACORDOS DA MESA.

De conformidade co anterior, a Mesa acorda por unanimidade:

- admitir as ofertas presentadas por M. ROSA LÓPEZ QUIROS, M. JOSEFINA LEMOS ALONSO , COOP. GALEGA NAVIABI , ARCO DA VELLA SOC. COOPERATIVA GALEGA , FOGAR DO ATLÁNTICO SOC. COOP. GALEGA DE VIV. , OLIVEIRA DOS CEN ANOS SOC. COOP. GALEGA DE VIV., RESIDENCIAL PROGRESO VIGO SOC. COOP.GALEGA, ALBOREXAR SOC. COOP. GALEGA DE VIV., XESTIÓN DE AUTOPROMOCIÓN, SL, VICUS NAVIA ALGUER SCG; BEGOÑA ALONSO ALONSO e ALFONSO CRESPO MONTENEGRO,
- a exclusión de EDUARDOCHAONAVIA5 SOC. COOP. GALEGA por constituír a garantía fora de prazo,
- encomendar ao persoal da Dirección Técnica de Solo Residencial do IGVS a elaboración do informe de baremación do Sobre B (Técnico) dos licitadores segundo o exposto anteriormente.

Por último, o presidente levanta a sesión e dá por rematado o acto.
Asínase electronicamente a presente acta.

O PRESIDENTE SUPLENTE

Alberto Eiras Martínez

O SECRETARIO

José Luis Montero Senra

